

A FeSP-UGT CONSEGUE A MELLOR OPE EN ENSINO DOS ÚLTIMOS ANOS

Ante a demanda da FeSP-UGT e o resto de organizacións asinantes do **Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos na Xunta de Galicia** da necesidade de aumentar a oferta de emprego público na Subcomisión de Seguimento do día 5 de febreiro, a consellería anunciou onte na Mesa sectorial Docente un **aumento de 130 prazas verbalizando que foi grazas a esta demanda** logrando, así, a maior oferta de emprego público dos últimos anos; **2.050 prazas**.

O acordo asinado pola FeSP-UGT **incrementa** a oferta de emprego público do 2018 nun **54,40%: a taxa de reposición** (que sería o que correspondería de non asinar o acordo de mantemento de emprego) cífrase en 1.072 vacantes, pertencen á **estabilización de emprego temporal 581 prazas** e a promoción interna 397 prazas.

A pesar desta ampla oferta de emprego esta organización non é vasallo de ninguén e recriminou á administración as formas de aportar as cifras e as especialidades, é de recibo que informen ós representantes do profesorado das especialidades que se pretenden convocar e do número de prazas para dar pé a negociar en función das necesidades reais dos centros educativos.

Na Mesa Sectorial de onte a **FeSP-UGT** esixiu a ADMINISTRACIÓN que procedese a **INCREMENTAR** as prazas de PT xa que **son insuficientes** para atender á diversidade dos centros sen cargar de afíns e itinerancias a estes corpos; así como as de **Educación Infantil** que adquiren o destino definitivo con 0 puntos no CXT.

As principais **demandas da FeSP-UGT**, a maiores das habituais e coincidentes con outras OOSS, foron as seguintes:

- Como cuestión que vai aparellada ás ofertas de emprego, **demandamos** da Consellería que no proceso de **Concurso de Traslados** en vigor se proceda a **ampliar o número de vacantes** obxecto do Concurso. **Reducir ó máximo a precariedade e temporalidade dos docentes en expectativa de longa duración**, cunha ampla oferta de vacantes que axuden a estabilizar a

este colectivo. A FESP-UGT demanda que, como mínimo, as adxudicacións correspondan co número de prazas para a OPE nas especialidades que teñen maior número de anos en expectativa. Esta organización sindical enviou unha relación das mesmas ás distintas delegacións provinciais recollendo as demandas dos centros educativos e do profesorado. **A administración comprometeuse a sacar unha oferta de vacantes o máis ampla posible.** Esta medida axudará a estabilizar as plantillas do profesorado.

- **Aumentar a optatividade na proba de aptitude pedagóxica nas especialidades de Orientación Educativa, PT e AL** dando a posibilidade de elixir entre dous Programas de Intervención no lugar de un ó chou.
- **Corrixir** unha das problemáticas que o profesorado opositor do corpo de mestres se atopa: **a non posibilidade de quedarse en listas sen aprobar o primeiro exame coa titulación de Grao de Educación Infantil con mención Pedagogía Terapéutica.** Este pequeno colectivo que cursou os estudos entre os anos 2010 e 2014, por unha mala praxe da Universidade de Vigo e da administración, que permitiu a esta impartir unha mención que non dá opcións á saída laboral; debería ter o seu dereito a quedarse na listaxe de Pedagogía Terapéutica; xa que esta mención é única en Galicia na Uvigo e se lles obrigou a matricularse no grao de infantil no caso de queres optar a esta mención.

Compromisos da Consellería:

A Consellería de Educación comprometeuse a estudar as peticións feitas por esta organización sindical no referente ás propostas relativas á atención á diversidade, á optatividade na elección dos Programas de Intervención das especialidades de orientación educativa, PT e AL, do aumento nos prazos de reclamación e entrega de documentos e **na ampliación de vacantes para o CXT actual, de xeito que o profesorado en expectativa de longa duración poda estabilizar a súa situación persoal e laboral.**

Sindicato Nacional de Ensino Público

RECUPERACIÓN DE SALARIOS E DEREITOS